

“APERTAS CONTRA A PRIVATIZACIÓN”

Adaptación, para “SOS Sanidade Pública”, da cantiga “RUMBA DAS APERTAS”.
(“Rumba das Apertas” é unha canción incluída no libro-CD “A nena e o grilo” con letra e música de Magín Blanco. A canción orixinal pode escoitarse nesta ligazón http://www.youtube.com/watch?v=2HT8YlxRovU&feature=player_embedded).

**DOUTOR, DOUTOR
RECÉITEME APERTAS
XORNADAS DE PORTAS ABERTAS
RAIOS DE SOL DE PORCELANA
FACER O QUE NOS VEÑA EN GANA**

E TAMÉN QUERO, QUE AS NOSAS
TARXETAS
ACREDITEN ESPERANZA
E QUE REPARTAN ALOUMIÑOS,
QUIRÓFANOS E BATAS BRANCAS.

**DOUTOR, DOUTOR
RECÉITEME APERTAS
XORNADAS DE PORTAS ABERTAS
RAIOS DE SOL DE PORCELANA
FACER O QUE NOS VEÑA EN GANA**

**DOUTOR QUE TEÑO FRÍO
E A MIÑA VEZ NON DA CHEGADO
MEU CORAZÓN E COMA UN RIO
NON QUERE SER PRIVATIZADO**

HOXE NA LAMA NON HAI NINGUÉN
TODOS E TODAS DE PASARRÚAS
TENTANDO QUE O NOSO BERRO
CHEGUE A ESCOITARSE ATA NA
LÚA

COMO UNHA ONDA AZUL E BRANCA
VAISE AGRANDANDO O NOSO
CANTO
PARA QUE A SAÚDE NON TEÑA
DONO,
E QUE REMATE O DESENCANTO

DOUTOR, DOUTOR (Bis)

SOS
sanidade
pública

